TUCAN 10+

A crónica de Ivo Cascudiño

DAVID NEL·LO

Ilustracións de Beatriz Castro

PREMIO EDEBÉ DE LITERATURA INFANTIL

rodeira

A crónica de Ivo Cascudiño

PREMIO EDEBÉ DE LITERATURA INFANTIL

David Nel·lo

A crónica de Ivo Cascudiño

PREMIO EDEBÉ DE LITERATURA INFANTIL

rodeira

Obra gañadora do Premio EDEBÉ de Literatura Infantil segundo o ditame do xurado formado por: Teresa Colomer, Ángeles González-Sinde, Toni Iturbe, Roberto Santiago e Vicenç Villatoro.

Título orixinal: *La crònica de l'Iu Eskar*
© Texto: David Nel·lo, 2020
Dereitos negociados a través de Arterisc Agents
© Tradución: Maria Xesús Gómez, 2020
© Ilustracións: Beatriz Castro, 2020

© Ed. Gal.: Rodeira, 2020
Rúa Rafael Alberti, 11, baixo
15008 A Coruña
www.edebe.com

Atención ao cliente: 902 44 44 41
contacta@edebe.net

Directora de Publicacións: Reina Duarte
Editora de literatura infantil: Elena Valencia
Deseño da colección: Book & Look

Primeira edición, marzo 2020

ISBN: 978-84-8349-645-9
Depósito legal: B. 1077-2020
Impreso en España
Printed in Spain
EGS - Rosario, 2 - Barcelona

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se precisa fotocopiar ou dixitalizar algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45).

Índice

1. Cando eramos felices 7
2. O triste domingo 15
3. O réxime do terror 27
4. O éxodo 39
5. O Hotel Apolo 51
6. O cuarto 43 e o xeneral Landulfo 63
7. A primeira noite 77
8. Exploracións en solitario e Max Blattella 93
9. Novos tempos no Hotel Apolo e a exposición 109
10. Un final que non é un final 125

1
Cando eramos felices

Se alguén me preguntase canto tempo había que a nosa familia, os Cascudiño, vivía na casa da señora Atril, eu non teño claro que contestar. Diría que os meus avós, bisavós e tataravós xa vivían alí. De feito, eu escoitara historias do meu avó paterno, que nos contaba que cando el aínda era pequeno coñecera o señor Atril.

Pero xa había moitos anos que o señor Atril morrera e na casa só vivían a señora Atril, o seu gato gris, Nofre, e o seu pardal, que se chamaba Mius.

Nós, os Cascudiño, pódese dicir que estabamos como subarrendados na casa da

señora Atril; pero, a dicir verdade, non pagabamos ningún arrendamento. Ademais, nós non tiñamos cartos.

Viviamos nos recunchos da casa e tiñamos coidado de que non nos vise ninguén. Claro que iso non sempre era posible. O avó Cascudiño, o vello Dino Cascudiño, pai da miña nai, morreu porque o descubriron. É unha historia que a mamá nos contou moitas veces, pero sempre que a escoitaba entrábanme calafríos e tiña que pechar os ollos, coma se me dese un mareo.

Vese que un día, ao abrente o vello Dino Cascudiño estaba no caldeiro do lixo roendo un anaquiño de touciño que tiraran. De súpeto, o avó Cascudiño oíu o timbre da porta da casa e quedou inmóbil. Aguzaba o oído e ficaba moi quieto no caldeiro do lixo. Ao cabo dun par de minutos sentiu a voz da señora Atril, que dicía:

—Xa vai, xa vai! Que apuro!

O camiñar canso da señora Atril era o único que se escoitaba. Para andar pola casa, ela

sempre levaba unhas zapatillas moi desgastadas e empoieradas.

O visitante resultou ser o carteiro do barrio, que lle levaba unha carta dun sobriño seu que vivía en América, en Santiago de Chile.

—Como se atopa, señora Atril? —preguntou o carteiro, botando a gorra cara á caluga.

—Así, así... —respondeu ela—. Dóencheme moito os xeonllos, e cada día vexo peor.

Daquela, cando Dino Cascudiño pensaba que o carteiro xa marchaba, oíulle dicir:

—Mire, xa que estou aquí, aproveitarei para lle facer un favor. Quere que lle saque o lixo?

—Ai, que riquiño es, mociño. Pois si que cho agradecería.

As palabras do carteiro deixaron teso o avó Cascudiño, que intentou agocharse no fondo do lixo. Pero vai ti saber que pasou; se cadra púxose nervioso ou ao mellor xa estaba demasiado vello para se tentar camuflar. A cuestión é que deu un chimpo desde un dos extremos do caldeiro, disposto a fuxir correndo, con tan mala sorte que xusto nese

mesmo momento abaixábase o carteiro para coller o lixo. E en canto viu a Dino Cascudiño coas súas ás dunha cor negra brillante, as patas axitándose rapidamente e as antenas oscilantes, berrou:

—Que noxo! Unha cascuda! Aparte, señora Atril!

O avó Cascudiño tentou fuxir desesperadamente, pero a súa vellez xa non lle permitía correr. A bota negra, relucente, horrible do carteiro esmagouno contra o chan da cociña.

Mamá sempre dicía que o avó Cascudiño non debeu morrer no acto, porque el era unha cascuda valente e teimuda. Se cadra moveu un pouco as patas; ou sacudiu as antenas un segundo, dous segundos... e despois morreu.

De pequeno soñaba coa morte do avó Cascudiño, e ás veces espertaba coa sensación de que a bota negra do carteiro me había esmagar a min tamén se non estaba alerta e andaba con tino.

Claro que todo iso eran lembranzas antigas, cousas que sucederan había moito. Porque a

verdade era que había anos xa que a señora Atril non recibía cartas de ninguén e case nin saía da casa. Tres veces á semana viña Betulia, a señora da limpeza, e leváballe a comida que mercara na praza ou no supermercado. Nós xa sabiamos que os luns, os mércores e os venres tiñamos que nos agochar e non facer ruído, porque Betulia era un perigo público, coas súas vasoiras, baetas e o que era aínda peor: a aspiradora eléctrica. Por sorte, cos anos, Betulia tamén fora a vella e, cada vez poñíalle menos ganas á hora de limpar a casa. Os nosos recunchos e agochos xa nin os vía; creo que Betulia estaba medio cega.

Así pois, a vida da miña familia, os Cascudiño, era tranquila, agradable e, ás veces, mesmo divertida, como cando xogaba co meu fato de irmáns e irmás. Corriamos polos agochos da casa, pillabámonos, revolviamos todos os armarios e andeis, sobre todo de noite, e, cando xa estabamos cansos, papá ou mamá contábannos un conto. Todos nos sentabamos formando unha roda nun recun-

cho ben sucio e, a poder ser, cálido, detrás do lume da cociña, por exemplo, ou xunto a un vello radiador que perdía auga e humedecía todo e soltaba un delicioso cheiro a alfombra mollada e medio balorecida. Había po por todas as partes, porque Betulia non o vía, e iso enchíanos de felicidade.

De feito, tanto eu coma a miña familia e todos os parentes Cascudiño que viviamos naquela casa poderiamos ficar alí felices e sen dores de cabeza o resto das nosas vidas. Pero todo cambiou o día que sucedeu aquilo coa señora Atril.